

.-CANDO VISISTES O XEOPARQUE LEMBRA

*As nosas oficinas de turismo informarán de todo o que queiras saber antes, durante e despois das túas visitas. Aínda que estean sinalizados, o mellor é que te asesoremos de como acceder aos lugares e cales son as mellores opcións para durmir e comer.

*Rodéate do medio natural do Xeoparque, cuxo 52% está declarado Lugar de Interese Comunitario da Rede Natura 2000, e Monumento Natural. Non recollas nin alteres a flora e fauna, debemos velar especialmente polas especies protexidas e ameazadas. Tampouco recollas castaña, froitas ou outros produtos e cultivos, aínda que estean nun bosque polo que podas pasear. Facer lume está prohibido.

*Descubre o extraordinario Patrimonio Xeolóxico que debemos conservar conxuntamente sen recoller rochas, minerais ou fósiles, sen pintar, nin gravar marcar ou outros danos en rochas e sedimentos. O noso Patrimonio leva millóns de anos aquí.

*Equípate axeitadamente para descender polos nosos cavorcos ou covas despois de contar co permiso administrativo, segundo a normativa da Rede Natura 2000. Extrema a túa seguridade persoal e a dos que van contigo e que non se note o teu paso por alí.

*Coñece o extraordinario Patrimonio Cultural do noso territorio respectando ao máximo o patrimonio arqueolóxico, mineiro e etnográfico. Non antes por riba dos muros de castros, castelos, pontes e outras construcións; nin preto dos bordes das cortas das minas, nin te adentres nas galerías e construcións mineiras.

*Goza coa tranquilidade das nosas aldeas, paisaxes e vivendas de turismo rural. Actúa con discreción e non fagas ruído nin molestes á veciñanza. Os servizos das aldeas rurais son limitados, pero podes depositar o lixo nos contedores de reciclaxe instalados nas tres capitais municipais.

*Goza das estreitas estradas das nosas montañas con precaución, moitas veces hai animais salvaxes e domésticos nelas, ou mesmo podes atopar persoas paseando. Lembra non saírte das estradas asfaltadas. Quads e motos poden danar os camiños, sigue as normas para usar estes medios na Rede Natura.

*Estaciona o coche axeitadamente nun lugar seguro para deterte sen problemas a contemplar as vistas ou a tirar fotografías.

*Ao conducir, diminúe sempre a velocidade para atravesar as nosas tranquilas aldeas e procura estacionar o teu vehículo sempre fóra dos núcleos de poboación. Comproba sempre

que non bloqueas camiños, portas de casas ou cancelas de muros ou varandas, aínda que semella que non se utilicen.

*Percorre as nosas rutas de montaña a pé despois de informarte das características do itinerario, a súa dificultade e a predición meteorolóxica, e deixa constancia a alguén de a onde vas. Indo en silencio ou se facer ruído gozarás máis da nosa paisaxe e a súa fauna.

*Ten precaución coas batidas de caza que sempre estarán sinalizadas. Aquí conviven en harmonía cazadores, montañeiros e os amantes das nosas montañas. As nosas oficina de turismo informante si é preciso.

*Si o prefires, podes gozar dos nosos cámpings ou estacionar a túa furgoneta ou autocaravana nos lugares habilitados xunto á praia fluvial de San Clodio, albergue de Quiroga e a área de Santa Eufemia (Folgozo do Courel).